



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO ASESORAMENTO E DEFENSA XURÍDICA DO CONCELLO DE ORDES

Primeira.- Obxecto do contrato.

O contrato que con base nos presentes pregos se formalice terá por obxecto o asesoramento xurídico externo, e o desempeño das funcións de asistencia letrada nos termos que se concretan na presente cláusula e no prego de prescricións técnicas.

O dito contrato comprenderá:

- A dirección letrada do Concello de Ordes nos procedementos de calquera instancia e ante os Tribunais de calquera xurisdición, comprendendo todos os procedementos nos que esta Administración teña a condición de parte demandada ou demandante.
- A asistencia letrada ao persoal do Concello no exercicio das súas funcións, sempre e cando non figure a citada Administración como parte demandante ou demandada.
- A emisión de informes xurídicos a petición da Alcaldía, da Secretaría Xeral ou da Intervención municipal.
- En xeral, todo tipo de asesoramento legal nas relacións deste Concello con outras Administracións (solicitudes, recursos, ...etc.) ou particulares, previa solicitude da Alcaldía.

Non se inclúen dentro das obrigas do contratista a representación do Concello ante os Xulgados e Tribunais, a cal conferirase aos procuradores oportunamente apoderados por esta administración. Non obstante entenderase incluída a dita representación cando legalmente non fora preceptiva a intervención de procurador.

Quedan excluídas, así mesmo, as prestacións cubertas actualmente mediante pólizas de seguros contratadas polo Concello de Ordes, mentres estea en vigor a póliza, se ben a Administración poderá esixir o asesoramento que considere necesario respecto ás mesmas.

De conformidade co Anexo II do TRLCSP e Regulamento (CE) número 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, modificado polo Regulamento (CE) 213/2008, da Comisión, do 28 de novembro de 2007, polo que se aproba o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), o servizo obxecto do contrato está clasificado como:

Categoría	Designación do Servizo	Código CPV	Descrición
21	Servizos xurídicos	79100000-8	Servizos de asesoría e representación xurídica

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, TRLCSP, de contratos do Sector Público, recolléndose no anexo II da citada norma na categoría 21.

As materias obxecto do contrato divídese nos ámbitos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Asesoramento e exercicio de accións ou defensa penal.

O servizo consistirá no asesoramento e exercicio de accións ou defensa penal, así como as accións civís que se ventilen nos procesos penais do Concello de Ordes, e a defensa, polo exercicio das súas funcións, dos seus funcionarios ou empregados laborais e persoal eventual.

Exclúese do obxecto da presente licitación e, cen consecuencia, non formará parte do contrato que se subscriba de acordo con estes pregos, a asistencia letrada descrita neste punto a Concelleiros e autoridades electas do Concello de Ordes.

Asesoramento e exercicio de accións ou defensa civil e mercantil.

O servizo consistirá no asesoramento e exercicio de accións ou defensa civil e mercantil, que se ventilen nos procesos do Concello de Ordes.

Asesoramento e exercicio de accións ou defensa contencioso administrativa.

O servizo consistirá no asesoramento e exercicio de accións ou defensa contencioso-administrativa, que se ventilen nos procesos do Concello de Ordes.

Asesoramento e exercicio de accións ou defensa laboral.

O servizo consistirá no asesoramento e exercicio de accións ou defensa laboral, que se ventilen nos procesos do Concello de Ordes.

Os cometidos a desenvolver e o diagrama do procedemento serán os seguintes:

1.1. Asesoramento xurídico:

- 1.1.1. Elaboración de ditames e informes xurídicos en materia de dereito urbanístico, planeamento e execución do planeamento, actos de uso do solo e edificación, disciplina urbanística, ...etc.
- 1.1.2. Elaboración de ditames e informes xurídicos en calquera outra materia na que estea interesado o Concello, tales como organización, competencia e funcionamento, procedemento administrativo, contratación, expropiación forzosa, responsabilidade patrimonial, facenda local, persoal funcionario e laboral, procedemento sancionador, ...etc.
- 1.1.3. Asesoramento xeral en Dereito á Corporación e Técnicos da mesma, incluso de xeito oral.
- 1.1.4. Representación e defensa do Concello de Ordes ante outros órganos administrativos, tales como Tribunal de Contas, Tribunais económico-administrativos, Xurados de Expropiación, ...etc.
- 1.1.5. Asistencia a reunións e conferencias con membros doutras administracións públicas, organismos e institucións públicas e/ou privadas, a solicitude do Concello.
- 1.1.6. Presenza física dun asesor xurídico nas dependencias municipais como mínimo 2 días á semana, así como sempre que sexa requirido por necesidades do Concello, e atención telefónica permanente cando se trate de consultas puntuais.

A emisión de informes xurídicos deberá facerse no prazo máximo de dez días desde que fose requirido para elo, salvo que a lexislación aplicable dispoña outro inferior ou permita un maior.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Para estes efectos o Concello de Ordes facilitará copia de todos os antecedentes e demais documentación requirida para a elaboración do informe.

1.2. A asistencia letrada obxecto deste contrato comprenderá:

1.2.1. A preparación e redacción de todos os documentos que resulten procedentes en función do tipo de procedemento, tales como contestacións a demandas, solicitudes de medidas cautelares e oposición ás solicitudes de contrario, escritos de proposición de proba, conclusións, escritos de oposición de recursos fronte a sentenzas presentadas de contrario, ...etc.

1.2.2. A asistencia ás vistas orais que deban celebrarse.

1.2.3. O diagrama do procedemento será o seguinte:

1. A Administración recibe a notificación da apertura dun expediente xudicial ou acorda a iniciación do mesmo. No caso de que sexa o propio Concello o que decida exercitar accións xudiciais se solicitará ao contratista, con carácter previo, o informe establecido no artigo 53.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
2. O procurador que exerza a representación e o contratista, recibirán a comunicación da apertura dos procedementos a través da Secretaría Xeral do Concello, no prazo máximo de 5 días desde a recepción da notificación ou do acordo de iniciación do mesmo. A administración comunicará, nese mesmo prazo, o nome do procurador designado ao contratista.
3. O contratista designará a un profesional responsable de cada preito, o cal informará ao servizo xurídico do Concello da natureza do asunto, implicacións, posibles conflitos de intereses (no caso de defensa do persoal), e defensa do patrimonio municipal que poida exercitarse. En todo caso en materia penal, civil, mercantil, exercitarase a acción civil para a restitución da cousa, a reparación do dano e a indemnización de prexuízos causados polo feito punible, de ser o caso.
4. O contratista remitirá copia ao Concello de Ordes de cantos documentos presentase nos órganos xudiciais ou reciba dos mesmos (demanda, contestación á demanda, recursos, etc.), manténdoa puntualmente informada de todas e cada unha das incidencias que poidan xurdir no proceso.
5. A posición da defensa ou a acción será sinalada pola Secretaría municipal, sempre co obxectivo da defensa dos intereses da institución e a recuperación do seu patrimonio e o respecto ao traballo do profesional que exercerá a acción.
6. Informarase aos Servizos xurídicos municipais de todas as vistas e testificais que foran a realizarse, co fin de que, de estimalo de interese, poida acompañar ao letrado.
7. A interposición de recursos deberá autorizarse polo órgano municipal competente.
8. O contratista informará á Administración de todas as actuacións necesarias para impulsar o procedemento non especificamente sinaladas nos apartados anteriores.

Segunda.- Prezo, revisión e pagamento do mesmo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de **25.500,00** euros anuais máis o IVE correspondente (**21%**).

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá, como partida independente, o imposto sobre o valor engadido.

No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas nos pregos que serven de base á licitación.

Os gastos que, de ser o caso, se xeren para remitir a documentación ás oficinas do adxudicatario serán de conta deste.

Tendo en conta o disposto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española e de conformidade co establecido no artigo 89.1 e 2 do TRLCSP non procede a revisión de prezos.

Por conseguinte, o contratista deberá manter os prezos ofertados durante toda a vixencia do contrato.

O pagamento realizarase previa presentación de factura mensual, por importe da duodécima parte proporcional ao importe anual do contrato, emitida cos requisitos sinalados no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido, aprobado por Real decreto 1496/2003, de 28 de novembro, comprobación da calidade da prestación realizada e aprobación da mesma polo órgano municipal correspondente.

O adxudicatario terá a obriga de presentar as facturas expedidas polos servizos prestados no Rexistro Xeral do Concello de Ordes, debendo incluír na mesma:

- Órgano de contratación: Xunta de Goberno Local do Concello de Ordes.
- Destinatario: Xunta de Goberno Local.
- Órgano con competencias en materia de contabilidade pública: Intervención municipal.
- Servizo Administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: intervención municipal.

Terceira.- Duración do contrato.

A duración do contrato será de dous anos desde a sinatura do mesmo, sen posibilidade de prórroga, non podéndose iniciar a execución do mesmo sen a previa formalización do contrato en documento administrativo, segundo o disposto no artigo 156.5 do TRLCSP.

Non obstante o dito, a asistencia xurídica nos preitos e/ou procedementos xudiciais que se iniciasen durante a vixencia do presente contrato será asumida pola persoa adxudicataria até a total conclusión dos mesmos mediante resolución xudicial firme, incluídos os recursos correspondentes aínda no caso de que a presente contratación rematase polo cumprimento do prazo. En tal caso o contratista continuará asumindo a prestación do servizo de asistencia xurídica neses preitos e/ou procedementos xudiciais de igual forma e maneira que se o contrato continuase vixente, e todo isto até a terminación total dos ditos preitos ou procedementos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

xudiciais, sen que supoña contraprestación económica ningunha por parte do Concello de Ordes.

A estes efectos considerárase iniciado un preito cando o Concello de Ordes recibise a comunicación oficial do órgano xudicial correspondente, o cal acreditarase coa data de asento no Rexistro Xeral de entrada do Concello de Ordes, en calquera rexistro administrativo dos regulados no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común ou fose comunicado o seu inicio directamente ao contratista.

Terceira.- Lugar de entrega dos documentos obxecto do contrato.

Na sede do Concello de Ordes, Rexistro Xeral, sito na Rúa Alfonso Senra, 108, C.P. 15680, Ordes.

Cuarta. Coordinación

A coordinación dos servizos realizarase polo Secretario municipal, o cal estará informado puntualmente da tramitación de todos os asuntos e poderá impartir instrucións sobre o exercicio de accións.

A decisión sobre o inicio de accións ou para desistir sobre as mesmas deberá ser adoptada polo órgano competente da entidade conforme á lexislación vixente.

Quinta.- Protección de datos de carácter persoal.

No caso de que o Concello, para a execución do contrato, faga entrega ao contratista de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal, o contratista terá a consideración a todos os efectos legais de encargado do tratamento, debendo cumprir as obrigas que a normativa en materia de protección de datos impón ao encargado do tratamento.

En todo caso, unicamente tratará os datos de carácter persoal de acordo coas instrucións que lle indique o Concello, e non poderá utilizar con finalidades distintas ás precisas para o cumprimento do contrato, nin poderá comunicar os ditos datos a terceiras persoas nin sequer para a súa conservación.

Inmediatamente antes do remate do contrato, con independencia das causas da súa extinción, o contratista virá obrigado a entregar ao Concello de Ordes os datos de carácter persoal que o Concello lle tivese proporcionado, así como os ficheiros elaborados directamente polo contratista relacionados coa execución do contrato, ao igual que calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento.

O contratista, na súa condición de encargado do tratamento, deberá adoptar as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, ben proveñan da acción humana ben sexan consecuencia do medio físico ou natural.

Se como consecuencia do indebido tratamento dos datos de carácter persoal que realice o contratista na execución do contrato o Concello viñese obrigado a indemnizar a terceiros ou lle fose imposta algunha sanción, ou de calquera outro modo se lle causara un prexuízo, da clase



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

que este fora, o contratista virá obrigado a indemnizar ao Concello do custe total do prexuízo sufrido por este.